

Proxecto de Decreto XX/2022, do..., do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia

O sector lácteo é o alicerce máis importante do agro galego. En consonancia coa súa relevancia económica e social, conta cun planificación propia, a través da Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo 2020-2025. Esta estratexia, na que participaron todos os elos da cadea de valor (produción, transformación, distribución e consumo), identifica necesidades e medidas relevantes para a sostibilidade do sector lácteo. Entre estas medidas está a reactivación do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia.

A Consellería do Medio Rural, a través do Decreto 61/2007, do 22 de marzo, creou o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia, como órgano colexiado de asesoramento e consulta cos representantes do sector.

O tempo transcorrido dende que se creou e os cambios experimentados nestes anos na produción e na industria, así como na evolución do consumo e dos mercados do leite e dos produtos lácteos a nivel nacional e internacional, aconsellan adaptar o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia á realidade actual.

Con este fin, este decreto cambia a composición do Observatorio para acoller dentro dos seus membros a todos os elos da cadea de valor do leite: produción, industria, distribución e consumo. Así mesmo, redefine as funcións da presidencia, secretaría e vogalías que o conforman.

Por outra banda, co obxectivo de dotar de maior flexibilidade ao Observatorio, tamén se reduce o número de xuntanzas ordinarias obrigatorias a unha ao ano. Porén, poderán facerse todas as xuntanzas extraordinarias que sexan precisas para avaliar os problemas que poidan xurdir no sector, se as circunstancias sectoriais o aconsellan.

Ademais, co fin de fortalecer o seu funcionamento ordinario, ampliáanse os servizos e as unidades administrativas da consellería competente en materia agraria e desenvolvemento rural que lle prestarán apoio material e persoal e permítese a creación de grupos de traballo coa participación de persoas expertas no sector lácteo alleas ao Observatorio.

Finalmente, cómpre sinalar que este decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro do Medio Rural, e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día _____,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto deste decreto é regular o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia, como un órgano colexiado de asesoramento, consulta e análise do sector lácteo.

Artigo 2. *Adscrición e sede*

O Observatorio do Sector Lácteo de Galicia está adscrito á consellería competente en materia agraria e desenvolvemento rural. Así mesmo, ten a súa sede nas dependencias da dita consellería.

Artigo 3. *Funcións*

O Observatorio do Sector Lácteo de Galicia ten as seguintes funcións:

- a) Analizar a situación e evolución do sector lácteo. Esta análise inclúe os datos técnicos e económicos que lle remita a administración autonómica ou outras fontes do sector, como poden ser os prezos percibidos polas persoas produtoras, a xestión económica das explotacións ou a oferta e demanda dos produtos lácteos no mercado.
- b) Elaborar informes como resultado das análises anteriores.

- c) Difundir os resultados dos seus informes e promover actos en prol do sector lácteo, do leite e dos seus derivados.
- d) Facer o seguimento do cumprimento das medidas da Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo 2020/2025 ou plan que o substitúa.
- e) Asesorar á consellería competente en materia agraria e desenvolvemento rural no relativo ao sector lácteo.
- f) Calquera outra función relacionada co sector lácteo que lle encargue a persoa titular da consellería competente en materia agraria e desenvolvemento rural.

Artigo 4. Composición

O Observatorio do Sector Lácteo de Galicia está composto pola presidencia, a secretaría e dezoito vogalías. Na súa composición procurarase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres.

Por iniciativa de calquera dos seus membros, o observatorio pode pedir a participación nas xuntanzas do pleno de persoas cualificadas doutros departamentos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou de organismos e entidades sectoriais ou académicas. Estas persoas achegarán os seus coñecementos ao debate das xuntanza, polo que terán voz, pero non voto.

Artigo 5. A presidencia

1. A presidencia do observatorio corresponde á persoa titular da consellería competente en materia agraria e desenvolvemento rural. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, as funcións da presidencia serán exercidas polo membro do observatorio en quen delegue.

2. As funcións da presidencia son:

- a) Representar ao Observatorio do Sector Lácteo de Galicia.
- b) Dirixir, promover e coordinar o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia

- c) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día.
- d) Presidir as xuntanzas, moderar os debates, dirixir as deliberacións e votacións e velar polo cumprimento das leis.
- e) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos expedidas pola secretaría.
- g) Nomear ao resto de persoas membros do observatorio, e separalas, se é o caso.
- h) Desempeñar outras funcións que lle atribúa o observatorio ou sexan inherentes ao seu cargo.

Artigo 6. *A secretaría*

1. A secretaría corresponde a unha persoa funcionaria da consellería competente en materia agraria e desenvolvemento rural, nomeada pola presidencia. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, será substituída pola persoa funcionaria que designe a persoa titular da presidencia.

2. As funcións da secretaría son:

- a) Asistir ás reunións do pleno con voz pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións por orde da súa Presidencia.
- c) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das xuntanzas.
- d) Remitir a convocatoria, a orde do día da xuntanza e a documentación complementaria ás persoas membros do observatorio cunha antelación mínima de corenta e oito horas, xunto coa acta da xuntanza anterior.
- e) Expedir as certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados, co visto e prace da presidencia.
- f) Recibir as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos ou comunicacións dirixidas ao observatorio.

g) Tramitar as indemnizacións e axudas de custo do artigo 13 ante a secretaría xeral técnica da consellería competente en materia agraria e desenvolvemento rural.

h) Outras funcións que sexan inherentes ao cargo.

Artigo 7. *As vogalías*

1. As persoas vogais do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia serán nomeadas pola persoa titular da presidencia, a proposta das seguintes entidades:

a) A consellería competente en materia agraria e desenvolvemento rural, que contará con tres vogalías.

b) As dúas organizacións profesionais agrarias con maior representatividade en Galicia, que contarán cunha vogalía cada unha delas.

c) A asociación con maior representatividade no conxunto do sector primario galego e a asociación con maior representatividade no sector lácteo galego, que contarán cunha vogalía cada unha delas.

d) A Federación Nacional de Industrias Lácteas, que contará con tres vogais representantes da industria láctea con sede social en Galicia ou que dispoña dun establecemento permanente de transformación industrial situado na Comunidade. Nestas vogalías debe haber un equilibrio entre os tamaños das industrias e o tipo de produtos elaborados.

e) As tres asociacións do sector da distribución alimentaria con maior representatividade en Galicia, que contarán cunha vogalía cada unha delas.

f) O Consello Galego de Consumidores e Usuarios, que contará cunha vogalía.

g) O Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), que contará cunha vogalía.

h) As dúas cooperativas agrarias galegas con maior número de socios, que contarán cunha vogalía cada unha delas.

i) A Federación Frisona Galega (FEFRIGA), que contará cunha vogalía.

2. No caso de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa xustificada, as persoas vogais do observatorio poderán ser substituídas por outra persoa ao servizo da unidade ou organización á que representen. As persoas substitutas acreditarán esta condición ante a secretaría do observatorio.

3. As funcións das vogalías son:

a) Recibir, cunha antelación mínima de corenta e oito horas a convocatoria que conteña a orde do día das reunións

b) Asistir ás xuntanzas, participar nos debates, votar os acordos e formular un voto particular se é o caso, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

d) Formular rogos e preguntas e propoñer asuntos para incluír na orde do día.

e) Traballar activamente nos grupos de traballo das que formen parte.

f) Outras funcións inherentes á súa condición.

Artigo 8. Duración dos nomeamentos e causas de cesamento

O mandato da presidencia durará o tempo que esta persoa sexa titular da consellería. O resto de persoas membros do Observatorio teñen un mandato de catro anos a partir da data do seu nomeamento. Porén, continuarán no cargo ata que se nomee a outra persoa, aínda que tivera transcorrido este prazo.

Ademais de pola finalización do mandato, as persoas membros do observatorio cesarán nas súas funcións se renuncian expresamente, son declarados incapaces para o cargo ou son inhabilitados para exercer un cargo público por sentenza xudicial firme, así como por calquera outra causa xustificada que impida o exercicio das funcións asignadas.

No caso das persoas que ocupan vogalías, tamén será causa de cese nas súas funcións a revogación da representación da organización ou entidade que a propuxo.

As circunstancias anteriormente sinaladas deben comunicarse á secretaría do observatorio.

Artigo 9. Funcionamento e apoio técnico

1. O observatorio funcionará en pleno e en grupos de traballo.
2. Para a válida constitución do Pleno, requirirase a presenza das persoas titulares da Presidencia e Secretaría ou, de ser o caso, de aquelas que las substitúan, e da presenza da metade, polo menos dos seus membros.
3. O apoio material e persoal necesario para o desenvolvemento das funcións do observatorio corresponde á secretaría xeral técnica da consellería competente en materia agraria e desenvolvemento rural, que contará coa colaboración da dirección xeral con competencias en materia de agricultura, gandería e industrias agroalimentarias, do organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria e do organismo competente en promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios.
4. A organización e o funcionamento do observatorio rexerase por este decreto, sen prexuízo do disposto para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na subsección I da sección III do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 10. O pleno

1. O pleno é o órgano superior do observatorio e está integrado por todas as persoas membros previstas no artigo 4. Correspóndelle o exercicio das funcións previstas no artigo 3 e a elaboración dun regulamento de réxime interno.

2. O pleno do observatorio reunirase como mínimo unha vez cada trimestre en sesión ordinaria, e as veces que sexa preciso con carácter extraordinario, sempre que a presidencia o considere oportuno. Estas xuntanzas poderán realizarse presencial ou telematicamente.

3. Os acordos adoptaranse por maioría das persoas membros presentes, e decidirá en caso de empate o voto de calidade da presidencia.

Artigo 11. Grupos de traballo

O pleno pode crear grupos de traballo para analizar cuestións concretas relacionadas co sector lácteo. O acordo de constitución de cada grupo de traballo deberá especificar a súa composición, os asuntos encomendados e o prazo para que se constitúa.

A duración destes grupos de traballo estará limitada ao tempo que requira o estudo do asunto que orixinou a súa constitución.

Os grupos de traballo poden estar formados por persoas con vogalías no observatorio, persoas representantes de entidades e asociacións relacionadas co sector lácteo ou persoas expertas no asunto obxecto do traballo.

Artigo 12. Difusión dos traballos do Observatorio

O Observatorio difundirá os datos, información, traballos e actuacións que elabore a través dun sitio web específico dentro do portal institucional da Xunta de Galicia.

Artigo 13. Indemnizacións e axudas de custo

As persoas que non teñan a condición de empregadas públicas da consellería competente en materia agraria e desenvolvemento rural e participen nas xuntanzas presenciais, tanto do pleno como dos grupos de traballo, terán dereito a percibir os

gastos de viaxe e axudas de custo pola súa asistencia, segundo o disposto na normativa reguladora das indemnizacións por razón de servizo na Administración autonómica.

Así mesmo, estas persoas terán dereito a percibir asistencias por participar nas xuntanzas presenciais ou telemáticas, tanto do pleno como dos grupos de traballo, nas contías que aprobe o Consello da Xunta de Galicia, segundo o disposto na normativa reguladora das indemnizacións por razón de servizo na Administración autonómica.

Disposición adicional primeira. *Revogación de nomeamentos e primeira convocatoria*

1. Quedan revogados todos os nomeamentos da secretaría e das vogalías feitos ao abeiro do Decreto 61/2007, do 22 de marzo, polo que se crea o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia e se determinan as súas funcións, composición e funcionamento.

2. A partir da entrada en vigor deste decreto, a persoa titular da presidencia do observatorio deberá convocar a primeira xuntanza no prazo máximo de seis meses, previo nomeamento da persoas que ocuparán a secretaría e as vogalías.

Disposición adicional segunda. *Representatividade das asociacións agrarias*

A efectos do artigo 7.1.c, a asociación do conxunto do sector primario galego con maior representatividade é a que acadara o maior número de representantes nas últimas eleccións ós consellos reguladores de Galicia. En canto ó sector lácteo, a asociación con maior representatividade é que ten un maior número de socios.

Disposicións derogatoria única. *Derrogación normativa*

Queda derogado o Decreto 61/2007, do 22 de marzo, polo que se crea o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia e se determinan as súas funcións, composición e funcionamento.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia agraria e desenvolvemento rural para ditar as disposicións que sexan precisas para desenvolver e executar este decreto dentro da organización e materias propias do seu departamento.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

José González Vázquez

Conselleiro do Medio Rural